



A NOSA TRADICIÓN ORAL 13

OS MANDAMENTOS DO CURA

NOME DO DOCUMENTO: MPG_TrOr_0025_018_en_0_13_13_id682_D
AUDIO DE REFERENCIA: MPG_TrOr_0025_018_en_0_13_13_id682.mp3
TIPO DE DOCUMENTO: Etnográfico xeral

MATERIAL DISPOÑIBLE

Audio mp3, transcripción e comentarios

DATA DE RECOLLIDA: 1994-1995

LOCALIZACIÓN:

Lugar: Santa Cruz
Parroquia: Santa Cruz de Montaos
Concello: Ordes
Provincia: A Coruña
País: Galicia

INFORMANTE:

Nome: Noya Villaverde, Esther
Idade no momento da recollida: 70 anos
Lugar e data de nacemento: ca. 1924

RECOLLEDORA: Isabel (alumna I.F.P.S. Fontiñas, Santiago)

COMPILADORA: Freire Freire, Marivel (profesora)

COLECCIÓN: A Nosa Tradición Oral. Fondos propios do Museo do Pobo Galego.



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

CONTEXTO

En 1994, o Museo do Pobo Galego presentou á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria un proxecto sobre a tradición oral, a desenvolver a través da escola. O programa comprendía dúas fases: un curso teórico previo para os profesores, e o traballo de campo, a realizar ao longo do ano escolar. A actividade, homologada pola Consellería, iniciouse coas sesións teóricas, celebradas entre o 7 e o 10 de novembro de 1994 nas dependencias do Museo. Durante os meses de novembro do 94 a maio do 95 desenvolveuse o traballo de campo, no que participaron profesores e alumnos de 24 institutos das provincias de A Coruña e Pontevedra. No ano 1995 realizouse a ordenación e clasificación da información recollida, de xeito que permitira o estudo, selección e elaboración de materiais para a confección dunha guía didáctica (publicada no 1996 polo Museo) e a formación dunha base de datos para fins de investigación conservada no APOI. (Referencia: A NOSA TRADICIÓN ORAL. Museo do Pobo Galego, 1996). A publicación constaba dun folleto e unha cinta magnetofónica, que reproducía unicamente unha breve selección das gravacións efectuadas por alumnos de centros escolares da Coruña e Pontevedra na fase de traballo de campo do programa *Recupera-la tradición oral: un proxecto interactivo museo-escola*.

NOTAS DA TRANSCRICIÓN:

Transcripción dispoñible en: Costa Pérez, Evelio; Fernández Cerviño, María Xosé e Lamela Villaravid, Carme (1996). *Guía Didáctica A Nosa Tradición Oral*. Museo do Pobo Galego; páx. 31. Dispoñible para consulta na sede do APOI no Museo do Pobo Galego.

TRANSCRICIÓN DO TEXTO E EDICIÓN DA PRESENTE FICHA: Isabel Vigo Rodríguez

Clasificación: Romances de oracións (sátira)

PALABRAS CHAVE

romance, sátira, mandamentos, cura, sátira

TRANSCRICIÓN



Os mandamentos do cura, son os que vou dicire:

O primeiro, amar a Dios por el dinero.

O segundo, ter debaixo dos pés a todo o mundo.

O terceiro, tercero, buena gallina y buen carnero.

Cuarto, buena hembra, del que estou farto.

Quinto, mórreme o veciño e non o sinto;

e sexto, pídemme diñeiro e non cho presto.

(Risa)